



01 - LUIS LÓPEZ BUENO 02 - AMALIA LAGO DURÁN 03 - ROMÁN SUÁREZ PORTO 04 - MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA 05 - JUAN CARLOS GONZÁLEZ BARCIA 06 - RAQUEL GIAO TERZADO 07 - JOSÉ MANUEL CALVELO LOUREIRO



08 - ELADIA GAÑETE LÓPEZ 09 - ÁNGEL BERGUEIRO GONZÁLEZ 10 - ESTHER DOMÍNGUEZ CASTRO 11 - ROI REY PENIN 12 - SONIA SILVA BLANCO 13 - ALEJANDRO PEQUEÑO FIGUEIRAS 14 - OLALLA OTERO PAYNO



15 - ALEX NEIRA LAGOS 16 - KATY HERRERA TABOADA 17 - JAVIER RODRÍGUEZ DIÉGUEZ 18 - PATRICIA CARRACEDO DURÁN 19 - HUMBERTO BLANCO REINO 20 - BELÉN LOUZAO VIEITES 21 - LUIS RENDO ARAÚJO



22 - MARINA GÓMEZ RENDO 23 - JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ 24 - ANA ASOREY BREA 25 - MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA


MEDIDAS ESTRATÉXICAS

- **Polígono de Toedo:** Para xerar riqueza e crear emprego precisamos que medre a nosa industria. Contaremos con Zona Franca de Vigo para financiar unha gran ampliación e enchela de empresas.
- **As parroquias do século XXI:** É indecente que nas nosas parroquias haxa cousas que siguen sendo como hai 60 anos. Traballaremos para levar internet de calidade a todos os núcleos sen excepción. Iniciaremos traídas e saneamentos. Reacondicionaremos espazos para as persoas.
- **Vivenda para alugar e para mercar:** Na Estrada hai máis de 2.500 vivendas baleiras. Crearemos unha bolsa de vivenda en aluguer asociada a axudas para rehabilitar. Haberá garantías municipais para arrendadores. Construír e mercar vivenda aquí será unha inversión rendible.
- **Plan de Mantemento de Infraestruturas:** Pistas en bo estado, desbroces eficaces, edificios en bo estado e mobiliario ao día. Aforraremos centos de milleiros de euros que o PP despilfarrá.

V O T A
DE
PSG
PSOE

+ DE 20.000
RAZÓNS

#máisde2000razóns



LUIS LÓPEZ BUENO
A ESTRADA

+ DE 20.000
RAZÓNS

#máisde2000razóns

V O T A
DE
PSG
PSOE

As Nosas Propostas

Impulso económico, comercio e emprego

- **Ampliación do polígono industrial de Toedo** e mellora dos servizos actuais.
- **O noso Goberno buscará inversión industrial.** Iremos a buscar empresas para que veñan á Estrada, non serve con estar pechado na alcaldía.
- Ao amparo da legalidade, primaremos a presenza de empresas da Estrada nos procesos de contratación do Concello.
- As Licenzas de actividade daranse en 15 días. A axilidade marcará o noso goberno.
- Reformaremos o Novo Mercado para que sexa un pulmón comercial no casco urbano.
- Crearemos un espazo de oficinas para persoas que teletraballan no Novo Mercado.
- **Bonos para consumo no comercio local.** O PSOE da Estrada fomos o primeiro grupo político de toda Galicia en propoñelo. O PP da Estrada dixo que non, pero a proposta adoptárona con éxito en Vilagarcía, Compostela e ata a propia Xunta de Galicia. Mágoa que as ideas que temos aquí teñan que dar resultado noutros Concellos.
- Fronte ao modelo dunha soa rúa, **todas as zonas do casco urbano terán actividades e serán atractivas para ter un comercio.**

- Bolsa municipal de baixos comerciais. Axudaremos aos propietarios a acondicionar os locais baleiros a cambio dun aluguer asumible para o/a comerciante.
- Todos os anos haberá obradoiros de emprego, tanto xuvenil como ordinario. Atrair empresas á Estrada creará postos de traballo de calidade.

Política social

- Crearemos un **Centro Integral de Atención Social no centro de saúde antigo.** Instalacións totalmente novas para os usuarios de servizos sociais e ampliaremos prazas e programas de servizos sociais.
- **Crearemos 5 centros de día a escala en escolas unitarias.** Terán actividades para maiores e para rapaces e rapazas. As parroquias serán dinámicas para todos e todas.
- Crearemos unha unidade de atención á saúde mental.
- Reforzaremos o Servizo de axuda no Fogar con máis horas. Acabaremos coa lista de espera.
- Construiremos unha **nova residencia para persoas maiores de colaboración público-privada**, con vantaxes para os veciños e veciñas da Estrada e con prezos asumibles.



Escola Unitaria Reacondicionada

Parroquias

- **Reforzaremos a pavimentación** de vías en todas as parroquias e farase con criterios obxectivos e entendibles para todos.
- **Internet de calidade nas parroquias.** No 2025 todos os núcleos de poboación estarán ben conectados, aproveitando a oportunidade do Plan de Banda ancha do Goberno do Estado Fibra óptica ou 5G de alta velocidade ata o último recuncho.
- Crearemos unha bolsa de vivenda nas parroquias, con financiamento para a reforma, posta no mercado do aluguer e garantías para os arrendadores.
- Reforzaremos as rutas de recollida de lixo e ampliaremos a rede de contedores.
- Crearemos un servizo de transporte baixo demanda que permita conectar a vila coas parroquias sen depender dun vehículo propio ou de algún familiar ou coñecido.



Centro Integral de Atención Social

Infraestruturas e modelo urbano

- **Reforma da Farola:** Construiremos unha praza de 900m², con zona axardinada e fonte. Non afectaremos á mobilidade e gañaremos unha gran praza no centro da vila.
- Recuperaremos espazos nas parroquias. Acondionaremos o entorno das Escolas Unitarias para que os veciños e veciñas poidamos gozar de novos espazos.
- **Levaremos humanizacións a todas as zonas da vila**, non só para as rúas do centro.
- Acondionaremos a Praza da Feira para que deixe de ser un deserto en verán e un barrizal en inverno.
- Crearemos **novos aparcamentos disuasorios** en Rúa Irida e Serafín Pazo.
- Faremos o mantemento dos parques e xardíns, mobiliario urbano e limpeza xeral da vila.

Turismo e lecer

- **Traballaremos para que a Rapa das Bestas sexa Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO.**
- Faremos promoción do Camiño da Geira dos Arrieiros directamente en Portugal.
- Oficina de Turismo itinerante para que os milleiros de persoas nos visitan en festas e eventos poidan descubrir A Estrada.
- Crearemos 2 grandes parques cubertos, un no entorno da Avenida de Santiago e outro preto da Praza da Feira. Levaremos zonas verdes a toda a vila.

Deporte

- **Crearemos a Fundación Deportiva da Estrada para axilizar as axudas a entidades deportivas e deportistas individuais.**
- Integraremos a Carballeira na Zona Deportiva para ter un gran parque e non un mar de asfalto.
- Impulsaremos programas para promover a actividade física na rúa.

Educación e Cultura

- Aulas de reforzo educativo municipais para familias de rendas baixas, na vila e nas parroquias.

- Ampliación das axudas para material escolar para paliar o encarecemento dos prezos.
- Crearemos locais de ensaio para grupos locais.
- Reformaremos o concepto da Casa das Letras e renovaremos o mobiliario.
- Promoveremos a inclusión de actividades culturais nas festas parroquiais e patronais.
- Crearemos un programa cultural estable nas parroquias.
- Procuraremos coa Xunta un plan de rehabilitación de elementos patrimoniais da Estrada.

Goberno serio

- **Cumpriremos co que che digamos.** Non te teremos anos esperando por unha promesa que nunca se cumpre. Seremos xente de palabra.
- Orzamentos accesibles. Publicaremos a información dos orzamentos dunha forma entendible.
- Poñeremos as facturas a disposición dos veciños e veciñas.

O CONCELLO DA XENTE

#máisde2000razóns